

Isabel Rodríguez Mate

les libres e iguais,  
elas obedientes  
pola graza de Deus

EDICIÓNS

*laiovento*  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO PESQUISA**

## Isabel Rodríguez Mate



Isabel Rodríguez Mate é doutora en Ciencias Políticas, licenciada en Historia e DEA en Estudos Contemporáneos pola Universidade de Santiago de Compostela. Exerce como profesora de Xeografía e Historia no corpo de Profesores de Ensino Secundario. É autora de diversas contribucións aos estudos feministas ou de xénero, como é o caso da investigación e coordinación da obra *22 documentos do feminismo galego*; da guionización e documentación da exposición itinerante *Feminismo galego, cambios sociais e dereitos das mulleres* (ambas editadas pola Fundación Galiza Sempre) ou da publicación *A participación política das mulleres galegas no primeiro terzo do século XX. O galeguismo*.

## 1. O obxecto de estudo

Cando falamos de discriminación das mulleres falamos de historia. É un lastre que brotou en tódolos campos e ten unhas raíces tan arraigadas que é moi difícil discernir cal foi o principio e se é posible que teña un fin. Porén, non é obxecto deste estudo afondar nas orixes destes agravios, senón nas causas da súa perpetuación na Idade Contemporánea. É dicir, no proceso de construción do sistema liberal no Estado español, que asentaría os seus chanzos enunciando os principios de liberdade e igualdade como valores supremos na Constitución de 1812, pero excluíría dos seus avances ás mulleres.

Neste camiño, convértense en factores esenciais de análise os valores morais relixiosos, xa que é innegable que a reprodución da conversión dos pecados en leis a través do Estado liberal confesional foi un puntal clave nesta discriminación. Foi aquilo que permitiu, en última instancia, poder xustificar un sistema no que os varóns se din libres e iguais e as mulleres obedientes e submisas.

Tamén, non é menos certo que entre estes valores morais ocupa un lugar primordial algo tan íntimo como a sexualidade, e algo tan arcaico como o control da liberdade sexual.<sup>1</sup>

---

1 Nesta liña, a experta en teoloxía Uta Ranke-Heinemann postula o seguinte: “foise configurando un pesimismo sexual que facía da muller un ser maligno en potencia, que tiña que manterse ocultado para non facer perigar o voto de castidade da comunidade relixiosa, nin encamiñar aos homes polos tortuosos sendeiros do pecado e da mala dirección da sociedade”, en: Ranke-Heinemann, Uta. (1995). *Eunucos por el Reino de los Cielos*, p. 120. Do mesmo xeito, a correlación entre o feito de ser muller e a connatural inclinación á perversión é expresada por Angus Mackay coas seguintes palabras: “o peor de todo- e isto afirmaban os tratados de medicina – era que a muller ía dominada por un animal dentro do corpo, o útero, (...) que buscaba o coito, producía a histeria (a palabra ten a mesma etimoloxía que o útero), e sometía á muller a ataques da ‘nai’, enfermidade perigosa na cal o furor uterinus provocaba transponementos e acentuaba a irracionalidade feminina. Irrracional e perigosa, pois, a muller non debía ter acceso aos postos públicos e ficaba máis ou menos consignada á esfera do traballo familiar e doméstico”, en: Mackay, Angus. (1989). “Mujeres y religiosidad”, pp. 489-508.

A este respecto, non deixa de resultar rechamante que a protección dunha actividade sexual monógama e contida e a ancestral acusatio cara as mulleres como “seres malignos e promiscuos en potencia” condicionen a política ou o dereito en tempos de modernidade.

Precisamente, é a moralidade sexual católica un dos inimigos máis sólidos e eficaces do feminismo. En palabras de Raquel Osborne (2001):<sup>2</sup> “a sexualidade convértese no principal vector de opresión e valores como a liberdade, a igualdade, o individuo, o consentimento e a elección son vistos como sospeitosos no que ás mulleres concirne”. Así, ao longo desta obra observaremos que entre os valores máis difíciles de erradicar no contexto das loitas arredor do movemento feminista está a consideración diferencial do xénero en función da sexualidade.

En suma, este amplo período (1812-1936) non se encamiña só á adopción dunha perspectiva diacrónica, senón que é un obxecto de análise en si mesmo, na medida en que pretendemos avaliar os porqués da perpetuación desta discriminación nun ordenamento xurídico que se ía reconstruíndo paulatinamente ao compás da consolidación dos principios de liberdade e igualdade, das causas das transformacións nesta dinámica e da dimensión e o alcance do feminismo en Galiza.

Noutra orde de cuestións, esta obra comete a ousadía de introducirse no complexo universo de análise vinculado á influencia das crenzas e valores no comportamento humano, que obriga a recorrer a unha notable diversidade de fontes de información e procedementos metodolóxicos.

Desde o punto de vista da conceptualización, esta dificultade amósase xa á hora de definir os principais elementos que compoñen esta análise: xénero, discriminación, valores morais e feminismo. En relación ao primeiro, ao compás

---

2 Osborne, Raquel. (2001). “Sujeto, sexualidad, dominación: reflexiones en torno a lo personal es político”, pp. 121-129.

da consolidación na década dos 70 da distinción entre o sexo (categoría biolóxica intrínseca) e o xénero (construción social), posuímos un amplo corpus teórico no que se aborda o carácter da utilización deste termo como categoría de análise.

Neste sentido, se ben o postulado de Simone de Beauvoir: “non se nace muller, chégase a selo” asentou xa en 1949 os cimentos da súa significación actual, até o último terzo do século XX non asistimos á creación dunha base teórica clara e precisa sobre os seus caracteres básicos. É dicir, cando se parte do feito de que a categorización sociocultural, política ou económica das atribucións do binomio masculino-feminino deben de observarse nun contexto espazo-temporal concreto.

No relativo á discriminación das mulleres, non pretendemos afondar nos caracteres xustos ou ideais que debería de ter a igualdade de iure cos homes, senón que a ponderación da dimensión dos seus agravios adquire un sentido comparativo coa evolución dos varóns a respecto das principais conquistas no ordenamento xurídico que acompañaron ao derrubo paulatino das estruturas do Antigo Réxime.

Pola súa parte, desde o punto de vista dos valores morais da Igrexa católica, estes farían referencia ao conxunto de crenzas e prácticas relativas a actuación moral “correcta” das mulleres e homes nos ámbitos público e privado e que foron transmitidos durante o noso marco temporal de análise. Á súa vez, a proxección destes valores sobre o feminismo define a orientación última desta obra.

É dicir, partindo de que as mudanzas no ordenamento xurídico precisan da actuación deliberada duns axentes que teñan interese na súa transformación, estúdase a repercusión desta moralidade na intensidade ou na dimensión do feminismo en Galiza, entendido neste caso como as teorizacións e accións sociais encamiñadas á erradicación dos agravios legislativos que afectaban ás mulleres.

No tocante á metodoloxía e ás fontes de información, esta obra está condicionada polo importante déficit nos estudos

históricos sobre a identificación do papel real das mulleres no devir social. Neste sentido, cómpre diferenciar entre a literatura conceptual ou metodolóxica e os estudos empíricos. En relación ás dúas primeiras, posuímos na actualidade un certo número de estudos sobre os factores que debemos de describir, analizar ou explicar nunha investigación sobre o comportamento do xénero na actuación social dos individuos. Así, nesta pescuda recórrase tanto ás teorizacións clásicas ou paradigmáticas como ás achegas máis recentes neste campo.

Pola contra, tal como se conclúe no estudo coordinado por Marta Lois e Alba Alonso (2014),<sup>3</sup> a proxección empírica desta literatura no ámbito do xénero é un exercicio desgraciadamente recente. Este fenómeno ten unha relación directa tanto coa particular dinámica histórica do Estado español no século XX, como co forte arraigamento dos tradicionais canons na Historia ou as Ciencias Sociais a respecto do estudo do poder social ou político.

En relación a esta última cuestión, seguindo a Helio Gallardo,<sup>4</sup> unha das principais achegas das investigacións que naceron na segunda metade do século XX é a superación da consideración tradicional do poder político como aquel referido exclusivamente ao “espazo no que se realizan as prácticas políticas”, así como do menosprezo das actuacións vinculadas á procura do equilibrio de poderes, á reformulación do sentido do poder ou ás reivindicacións á marxe do político.

No caso da actuación política das mulleres, a gran lentitude destas mudanzas deu lugar a que exista un importante baleiro empírico en relación á recollida de información vinculada á observación directa do momento histórico (enquisas,

---

3 Alonso, Alba, e Lois, Marta, coords. (2014). *Ciencia Política con perspectiva de género*.

4 Vid. Rauber, Isabel. (2003). *Actores sociais, loitas reivindicativas e política popular*.

cuestionarios, entrevistas, etc.), que tería unha gran importancia no conxunto desta obra.

De igual xeito, o rexistro sobre o carácter e a dimensión real da participación das mulleres galegas nos partidos políticos ou sindicatos é moi escaso, e o mesmo acontece cos grupos de presión ou interese que naceron ao compás da nova “cultura organizativa” da Idade Contemporánea

Todas estas deficiencias darían lugar a que predomine nesta investigación a metodoloxía dedutiva, na que é unha obriga conceder un notable espazo á interpretación ou á avaliación. Neste camiño, temos a fortuna de atoparnos nun marco científico no que se superaron os ríxidos canons pautados polos paradigmas da metodoloxía positivista ou ligada ás Ciencias Naturais. Así, na actualidade adquiriron unha importante presenza as escolas que avogan pola combinación equilibrada e funcional da indagación cuantitativa ou cualitativa-explicativa carente de xuízos de valor (baixo a perspectiva positivista), coa interpretación, comprensión ou avaliación dos fenómenos á luz do criterio do propio investigador ou investigadora.

Finalmente, desde o punto de vista das fontes de información, destacamos as directrices pautadas por Gloria López de la Plaza<sup>5</sup> no senso da reconstrución dos procesos históricos desde o punto de vista do xénero: calquera fonte é susceptible de ser empregada, e o documento non é un fin en si mesmo, senón un medio que utilizamos con maior ou menor acerto en función da capacidade crítica que desenvolvamos.

---

5 Cit. en: Segura Graño, Cristina. (1997). *La historia de las mujeres en el nuevo paradigma de la historia*. Vid. tamén: Carrasco Galán, María José e García Mina, Ana, coords. (1999). *Cuestiones de género: varones y mujeres. ¿Dos universos diferentes?*; De Vega, Eulalia. (1992). *La mujer en la historia*; Scanlon, Geraldine. (1986). *La polémica feminista en la España contemporánea. 1868-1974* e Mayobre Rodríguez Purificación e De Jesús Rodríguez María Elena. (1997). *Xénero e política*.

A este respecto, o estudo de fenómenos tan heteroxéneos e plurais requiriu a pescuda dun conxunto de recursos de información de diversa índole, que posibilitasen a aproximación á observación dos caracteres básicos dos dous estadios que están presentes na actuación dos individuos: a cognición ou deliberación e o comportamento: xornais, revistas ou voceiros; obras literarias contemporáneas aos feitos; documentación de partidos políticos, sindicatos e grupos de presión; relatorios de charlas, mesas redondas ou xornadas; estudos estatísticos oficiais ou de organismos de investigación socio-demográfica, etc.

En suma, a estrutura desta obra está orientada a contribuír a dilucidar a influencia dos valores morais da Igrexa católica na discriminación das mulleres no ordenamento xurídico durante a construción do sistema liberal no Estado español (que situamos entre a promulgación da Constitución de 1812 e a II República), así como a repercusión destes valores no alcance e carácter do feminismo ou das accións sociais promovidas polo descontento fronte aos agravios xurídicos de xénero.

O marco territorial sobre o que proxectamos en última instancia estes obxectivos é Galiza. Porén, a necesidade de participar no complexo exercicio de identificar o fluxo de influencias procedentes doutros espazos, conduce tamén á adopción dunha perspectiva estatal ou occidental, mais supeditada ao seu carácter funcional.

En definitiva, a través deste percorrido histórico pretendemos visualizar a lentitude e a fragilidade das conquistas relativas á igualdade de xénero. Deste xeito, evidénciase a importancia de seguir a protexer de maneira activa, constante e sistemática os débiles chanzos dun camiño moi recente, que pode desviarse velozmente da súa ruta como o fan as ideoloxías, as posturas éticas ou as relixións.



## ÍNDICE

1. O obxecto de estudo .....	9
2. A influencia dos principios morais da Igrexa católica na significación xurídica do xénero (1812-1936).....	15
2.1 Introducción .....	15
2.2 Igrexa, xénero e constitucionalismo histórico .....	15
2.3 Igrexa, xénero e codificación civil.....	24
2.4 Igrexa, xénero e codificación penal .....	30
3. Xénero, poder político e acción social (1812-1936). O caso galego .....	35
3.1 Introducción .....	35
3.2. A construción da lexitimación do poder político a través do sufraxio.....	38
3.3. A vontade política das mulleres como instrumento de lexitimación do poder: o nacemento do sufraxismo no mundo occidental .....	40
3.4. Os albores do sufraxismo no territorio galego (1812- 1931).....	44
3.5. A II República e o recoñecemento do dereito das mulleres ao sufraxio activo e pasivo. As eleccións galegas deste período enclave de xénero.....	53
3.6. A instrumentalización da democracia a través dos partidos políticos .....	68
3.7. A actuación das mulleres galegas nos partidos políticos do primeiro terzo do século XX.....	71
3.8. O cuarto poder: a opinión pública mediática ante a discriminación das mulleres (1812-1931).....	96
3.9. O cuarto poder: a opinión pública mediática ante a discriminación das mulleres (1931-1936).....	106
3.10. A evolución do feminismo en Galiza (1812-1936).....	109

4. Xénero e ámbito laboral (1812-1936). A discriminación das mulleres e as accións sociais de protesta .....	121
4.1. Introducción .....	121
4.2. A evolución do ordenamento xurídico e da vida laboral das mulleres (1812-1931).....	121
4.3. O asociacionismo laboral das mulleres galegas (1812-1931).....	134
4.4. Xénero e conflitividade laboral en Galiza (1812-1931) .....	138
4.5. A evolución do ordenamento xurídico e da vida laboral das mulleres na II República .....	147
4.6. O asociacionismo laboral das mulleres galegas na II República.....	149
4.7. Xénero e conflitividade laboral en Galiza na II República ...	152
5. Conclusións.....	155
Apéndice documental .....	165
Bibliografía e fontes de información.....	213